

CIENCIAS SOCIAIS

6º EDUCACIÓN PRIMARIA

Ola Chiquipandi,

Como están os meus historiadores e historiadoras favorit@s??? Que tal van esas liñas do tempo despois de engadir as pandemias?? Estou segura de que vos están quedando de marabilla!!

Esta semana, na materia de Ciencias Sociais, continuaremos traballando as etapas da historia. Cando remate a corentena seredes todos uns expertos e expertas da Historia!!

Nestes días imos centrarnos un pouco máis nas etapas da Historia (Antiga, Media, Moderna e Contemporánea) dunha forma máis visual, e deixaremos un pouco de lado a Prehistoria.

ACTIVIDADE

Para comezar tedes que ver o vídeo que vos deixo no seguinte enlace: https://www.youtube.com/watch?v=bS-R_m2TC6w&t=107s ou escribindo no buscador de YouTube "Historia de España: Historia de España resumida en 5 minutos".

Neste vídeo veredes como evoluciona o territorio da Península Ibérica ao longo da historia, desde que comeza a Idade Antiga ata a actualidade na Idade Contemporánea.

Debedes estar moi atentos ao vídeo, xa que a actividade que tedes que facer despois consiste en debuxar e pintar catro mapas da Península Ibérica, nos cales aparecen representados os cambios que sufriu a península.

Estes catro mapas deben corresponder ao final de cada etapa da historia, é dicir, tedes que debuxar un mapa que represente o final da Idade Antiga, un mapa do final da Idade Media, un mapa do final da Idade Moderna e un mapa da actualidade na Idade Contemporánea.

OLLO porque no vídeo aparecen moitos máis mapas que non tedes que debuxar, aínda que si debedes prestarlles atención para comprender mellor a evolución histórica do noso país.

Mapas que tedes que debuxar:

1. A Idade Antiga remata na Etapa Romana, polo tanto debedes buscar no vídeo un mapa que se corresponda con este momento.
2. A Idade Media remata coa Reconquista da península, polo tanto debedes buscar no vídeo un mapa que se corresponda con este momento.
3. A Idade Moderna remata coa Dinastía dos Borbóns e coa Revolución Francesa, polo tanto debedes buscar no vídeo un mapa que se corresponda con este momento.
4. A Idade Contemporánea todavía non chegou ao seu fin, xa que abrangue ata a actualidade, polo tanto, o mapa da península é o mesmo que coñecemos hoxe en día. Tamén podedes velo ao final do vídeo, cando fala da España democrática.

Podedes imprimir os mapas da Península Ibérica que tedes nas seguintes páxinas ou podedes debuxalos vós. Recordade poñerlles un título e empregar diferentes cores para marcar os distintos reinados da península en cada momento. Se queredes, tamén podedes engadir os mapas a vosa liña do tempo para que a información sexa máis completa.

Ánimo coa investigación sobre o noso territorio ao longo dos séculos!! Veredes cantas veces cambiou o mapa da península ata chegar a ser como o coñecemos hoxe. Credes que seguirá cambiando??? Quen sabe...

Seguide traballando así de ben!! Non perdades o ritmo e veredes cantas cousas podemos aprender aínda que sexa a distancia.

Se necesitades falar connigo, podedes empregar o blog ou o meu correo.

Mándovos un abrazo enorme para vós e para as vosas familias. Coidádevos moitísimo!!

Quérovos un montón, mi Chiquipandi!!

Que ganas teño de abrazarvos a todos e a todas!!

Antía



